

III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
9 maio 2003

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)

ACTIVIDADE Nº 1

NÚMEROS BOCADILLO

A composición dos bocadillos é pan - non pan - pan; o non pan pode ser xamón, queixo, chourizo, etc.

Pois ben, chamámoslles números bocadillo a aqueles de tres cifras nos que a cifra do medio é igual á suma das outras dúas.

O número 253 é un número bocadillo, porque a suma da cifra das centenas coa das unidades é igual á cifra das decenas.

$$2 + 3 = 5$$

Pois ben, ¿cantos números de tres cifras teñen esta propiedade?



III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
9 maio 2003

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 2

KOBE BRYANT

Kobe Bryant é xogador de baloncesto da NBA. O seu equipo, os Ángeles Lakers, xogou no mes de febreiro contra os Denver Nugget e Kobe Bryant anotou 51 puntos en canastas de 2 puntos e de 3 puntos. O que non sabemos é cantas anotou de cada clase.

¿Poderíades resolver este problema e ver as posibles solucións se é que ten máis dunha?




<p>III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO FASE DE ZONA 9 maio 2003</p>	<p>(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)</p>
---	--













ACTIVIDADE Nº 3

A CAZA DO CUADRILÁTERO

¿Cantos cuadriláteros de 6 cm^2 de área podes construír nesta trama?
 Utiliza unha trama para cada figura distinta.



The activity area consists of nine identical yellow rounded rectangles arranged in a 3x3 grid. Each rectangle contains a 5x5 grid of black dots, providing a grid for constructing quadrilaterals with an area of 6 cm².



III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
9 maio 2003

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)



ACTIVIDADE Nº 4

CUBIÑOS, SI, PERO ... ¿CANTOS?

Nunha xogatería venden cubiños encaixables cos que se poden facer construcións como as dúas que vedes aquí.

¿Cantos cubiños precisades para facer cada unha destas dúas estruturas?

Explicade o camiño que seguistes para sabelo.



III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
9 maio 2003

(Coloca aquí unha etiqueta
identificativa)


ACTIVIDADE Nº 5

O FORMIGUEIRO

As formigas, no verán, cando vai chover teñen unha actividade frenética ó redor do seu formigueiro. Como sabedes os formigueiros están cheos de camiños subterráneos formando verdadeiros labirintos.

Este que se vos mostra no debuxo corresponde a un formigueiro moi sinxelo.

¿De cantas maneiras distintas, sin poder andar nunca cara atrás, pode ir a formiga ata a cámara real que está no compartimento T?






III REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
9 maio 2003

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 6

NA ENCRUCILLADA DE UXES (Arteixo)

Sinala na escala, cunha cruz e a letra do apartado, o grado de probabilidade de que sexan ou non certas as seguintes frases, á vista do debuxo:



- a) Vaise producir un choque de coches.
- b) Fai un día estupendo en Uxes.
- c) A idade do conductor do bus é un número impar.
- d) Antes de medio minuto vai chover a chuzos.
- e) A policía chámase Marta
- f) O autobús ten o número 1
- g) É pola tarde
- h) Acaba de haber una tormenta
- i) Producíuse un incendio.

